


Cada verán as praias vense invadidas de persoas. E moitas desas persoas portan nas súas mans ese raro obxecto coñecido como “libro” que lles permite, sen deixar a toalla e a tumbona, meterse de cheo noutros mundos e vivir toda clase de historias. Algunhas desas persoas, o rematar o verán únense o noso faladoiro, e o primeiro que fan é falar deses viaxes literarios emprendidos baixo o sol.



Intemperie, de Jesús Carrasco.

Un neno fuxe dun alguacil e outros homes por unha meseta desolada. Con este punto de partida presentase unha historia por momentos moi angustiada, sen nomes, nin lugares, nin referencia histórica clara, e dunha crudeza fora do normal, con ecos a Delibes e *La Carretera* de Cormac McCarthy.


Publicada no 2013, esta obra foi unha aposta arriscada de trece editoriais europeas, que se puxeron de acordo na súa publicación simultánea a pesares de tratarse dunha obra prima.



Sentido y sensibilidad, de Jane Austen.


Ó morrer o seu pai, as irmás Dashwood, de caracteres completamente opostos, deberán abrirse paso na hipócrita sociedade da Inglaterra de principios do S.XIX.

Jane Austen (Inglaterra, 1775-1817) foi unha gran novelista británica, en cuxas novelas, consideradas xa clásicos da literatura inglesa, destaca a ironía coa que plasma a sociedade da súa época.



El coronel no tiene quien le escriba, de Gabriel Garcia Marquez.

A historia dun vello coronel de guerra, que cada venres baixa a oficina de correos na busca do comunicado dunha pensión que nunca chega, e que non ten mais posibilidade de saír adiante que un galo de pelexa herdado do seu fillo, o que cría con angustiada esperanza, é unha das mellores obras de Garcia Marquez, e iso a pesares de ser unha historia lineal que apenas conta con ningunha das marcas habituais na obra do autor.



El marciano, de Andy Weir.

Un golpe de aire fresco para a ciencia ficción. Un grupo de astronautas sofre un accidente durante unha misión en Marte, deixando por morto a un dos seus membros. Pero o protagonista non morre, anque si queda illado e incomunicado nunha pequena estación no planeta vermello, con suministros para poucas semanas, situación que lle obrigara a usar todos os seus coñecementos para tentar sobrevivir e aguantar a unha futura misión que poida rescatalo anos mais tarde.

O próximo estreno en cines da versión en celuloide dirixida por Ridley Scott deulle un empuxe a unha obra orixinalmente autopublicada, sinxela pero moi ben desenrolada, e chea de coñecementos científicos.



La mecánica del corazón, de Mathias Malzieu.

“Primero, no toques las agujas de tu corazón. Segundo, domina tu cólera. Tercero y más importante, no te enamores jamás de los jamases. Si no cumples estas normas, la gran aguja del reloj de tu corazón traspasará tu piel, tus huesos se fracturarán y la mecánica del corazón se estropeará de nuevo.”

Este párrafo condensa a condensa do protagonista desta obra, que o nacer salva a vida gracias a que para reparar o seu danado corazón a matrona lle coloca no medio do peito un reloxo de madeira. Pequena fabula sobre o amor, a vida e o carácter humano, escrita por un autor francés que tamén é músico, e cantante do grupo Dyonisios, que publicou un disco co mesmo tituto que esta obra. Tamen hai unha versión cinematografica.